

REGULAMENTO III BTT ALLARIZ

Artigo 1 Presentación:

A 3ª edición da BTT de Allariz, organizada polo Concello de Allariz e os clubs ASOCIAL e CC Allariz, celebrarase o domingo 28 de setembro de 2025 con saída e chegada no Campo de Vilanova.

Artigo 2 Carácter da Marcha/Percorrido:

A III BTT de Allariz non será competitiva e estará regulada pola normativa de cicloturismo para todos.

De conformidade co establecido nesa normativa esta marcha tamén estará suxeita ao disposto nos artigos 15 e seguintes do anexo II do Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado no Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, agás os ciclomaratóns e as excursións colectivas, que estarán suxeitos ás normas xerais de circulación.

A proba consta de dúas marchas de distintos niveis e dificultades: unha popular de 23km e dificultade media baixa e outra de 45km de dificultade media alta.

Artigo 3 Participación:

A BTT limitarase a un máximo de 250 inscritos. Para participar nela é preciso ter cumpridos 16 anos antes do día da proba.

Artigo 4 Inscripción e importe da mesma:

O prazo de inscrición abrírase o día 1 de Setembro de 2025 ata o mércores día 24 de setembro ás 23.59 horas.

A inscrición realizarase a través da web www.sportmaniacs.com ou a través da APP SAUDETER LIVE. Tras o envío do formulario de inscrición, o pago realizarase a través da pasarela en liña habilitada pola organización. Unha vez confirmado o pago, rexistrarase para participar. A cada participante asinráselle un dorsal que será persoal e intransferible.

NON SE REALIZARÁN INSCRICIÓNS O DÍA DA PROBA OU DESPOIS DO PRAZO.

Os participantes deberán seleccionar a proba (MTB LONGA OU CURTA) que desexen realizar.

NON SE CONTEMPLA POLITICA DE DEVOLUCIÓN.

REGALO CONMEMORATIVO PARA OS 200 PRIMEROS INSCRITOS

Cota de inscrición: 18,00 €.

O Concello de Allariz e os clubs ASOCIAL e CC Allariz, entidades organizadoras da proba, contan co seguro de Responsabilidade Civil e accidentes esixido pola lei para este tipo de eventos.

Artigo 5 Dorsais:

Os dorsais entregaranse:

- O sábado 27 de setembro de 2025 na Piscina municipal de 9:00 h – 13:30 h.
- O día da proba de 8:00 - 9:00 horas na saída.

Para recoller o dorsal é necesario presentar a fotocopia do DNI, documento acreditativo (carné de conducir, pasaporte) ou xustificante de inscrición.

Artigo 6 Horarios:

- Saída BTT: 9:00 h do 28 de setembro dende a alameda o carón do Boi de pedra

A chegada de todas as rutas pecharase ás 14:00 horas, salvo que todos os participantes rematen a proba antes desa hora. Quedarán excluídos da mesma e tamén da cobertura aqueles participantes que voluntariamente decidan continuar o percorrido marcado pola proba sen o permiso dos responsables da organización, pasando a ser usuarios normais da vía pública baixo a súa total responsabilidade.

Artigo 7 Sinalización e control horario:

O percorrido estará sinalizado con cintas de alta visibilidade, taboleiros e outro tipo de sinais, polo que será obrigatorio o paso por todos os controis establecidos. O percorrido estará sinalizado cada 50 ou 100 metros, agás nas zonas nas que o camiño ou estrada non teña desvíos para non contaminar a beleza do entorno, que poderán incrementarse en 200 metros. En todo caso, en cada cruzamento haberá cadros ou cintas de sinalización. A proba terá carácter popular e non realizará ningún tipo de cronometraxe e control de tempo da proba.

Artigo 8 Avituallamento: A organización habilitará puntos de avituallamento sólido e líquido, na ruta longa e na ruta curta. Así como na saída e meta.

Artigo 9 Obsequios e premios:

Todos os participantes na BTT recibirán unha bolsa de corredor cun agasallo conmemorativo da proba (por determinar).

Artigo 10 Servizos:

A organización facilitará unha zona de aparcamento para os participantes. Tamén haberá un punto de lavado de bicicletas ao remate da proba na meta e Servicio de duchas

Artigo 11: Normas Xerais:

1. Usar un casco ríxido homologado durante toda a proba.
2. Queda prohibido realizar calquera acción voluntaria que poida danar o medio natural.
3. Queda prohibido tirar calquera tipo de lixo durante o percorrido fóra dos contedores facilitados pola organización.
4. Realizar o percorrido completo da marcha, sen coller atallos nin abandonar o percorrido delimitado.
5. Levar o dorsal colocado no manillar, sen ocultalo nin manipulalo.
6. Non participar co número asinado a outro participante ou sen estar autorizado pola organización
7. Queda prohibido rexistrarse con datos falsos ou alterados.

Artigo 12 Responsabilidade:

No momento da inscrición, cada participante declara que se atopa nunha forma física e psíquica óptima para participar nesta proba e asume tamén o risco que supón a práctica deportiva.

A organización non se fará responsable dos danos, perdas ou prexuízos que poidan sufrir os participantes desta proba que poidan ocasionar a terceiros, nin dos gastos, débedas ou prexuízos que poidan ocasionar durante o transcurso da proba.

A organización non se fará responsable das avarías que sufran as bicicletas como consecuencia da práctica deportiva. Polo tanto, o participante renuncia a calquera acción legal que poida derivarse da súa participación no evento contra a súa organización. No momento da inscrición, o participante declara estar ao corrente do paso da marcha polas estradas nacionais, autonómicas e locais, estando obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia de circulación viaria, sendo o único responsable das infraccións que poidese cometer. .

Artigo 13 Modificacións:

A organización reservarase o dereito de realizar calquera tipo de modificación organizativa en beneficio dos participantes. Os devanditos cambios, de producirse, deberán ser comunicados polos medios que consideren máis adecuados antes da celebración da proba. A organización resérvase o dereito de suspender ou aprazar a proba cando se considere que a seguridade dos participantes está en risco ou se así o indican as autoridades competentes.

Artigo 14. Aceptación do regulamento e declaración:

Ao inscribirse libre e voluntariamente, o participante da marcha declara coñecer e aceptar plenamente este regulamento. En caso de dúbida ou situacións non reflectidas nel, prevalecerá o que a organización dispoña para tal fin.

No momento da inscrición o participante declara o seguinte: Ao inscribirme na BTT do Concello de Allariz declaro:

- Coñecer o contido do seu regulamento, aceptándoo na súa totalidade
- Coñezo o carácter ciclista desta carreira tal e como se recolle no artigo 2 do regulamento da carreira.
- Sei que a proba transcorre nalgúns tramos de vías públicas abertas ao tráfico
- Acepto os riscos inherentes á participación na devandita proba aberta ao tráfico.
- Comprométome a cumprir as normas da Lei de Seguridade Viaria e o seu regulamento, velando pola miña seguridade e a do resto de participantes e usuarios da vía pública.
- Eximo ao Concello de Allariz ou a calquera persoa física ou xurídica vinculada á organización da marcha, das responsabilidades derivadas de calquera accidente de tráfico ou deportivo ocasionado como participante na proba.
- Eximo de responsabilidade aos anteriormente mencionados por calquera dano á miña saúde que poida derivarse da miña participación nesta volta ciclista, asumindo os riscos derivados do esforzo físico que requira unha proba destas características.

Así mesmo, por serme informado, sei e acepto:

- A existencia de todo tipo de vehículos non pertencentes á Organización que circulen polo percorrido da proba.
- Os devanditos vehículos circulan como usuarios normais da vía pública.
- Que podo atopar todo tipo de vehículos que circulan tanto no mesmo sentido como en sentido contrario
- Que existan cruces na proba, non controlados, nos que poidan entrar vehículos.
- Que existen estradas perigosas nas que se debe extremar a precaución.
- Que existan baixadas longas con curvas nas que se debe moderar a velocidade para evitar danos propios ou alleos.
- Que existe a posibilidade de sufrir un accidente deportivo inherente á práctica do ciclismo, asumindo a responsabilidade persoal dos accidentes que se poidan ocasionar a calquera participante na proba, excluindo á organización de calquera responsabilidade derivada deles.
- Que existe a posibilidade de sufrir un accidente deportivo inherente á práctica do ciclismo, asumindo a responsabilidade persoal dos accidentes que se poidan ocasionar a calquera participante na proba, excluindo á organización de calquera responsabilidade derivada deles.
- Que existe a posibilidade de provocar un accidente a un terceiro alleo á proba, asumindo a responsabilidade persoal e total desta, excluindo á organización de calquera responsabilidade ao respecto.
- Autorizo á Organización a utilizar fotos, vídeos e nome completo na clasificación da proba, nos medios de comunicación e/ou en internet sen esperar pago, compensación ou remuneración de ningún tipo por este concepto.

Artigo 15 Dereitos de imaxe:

A inscrición na proba e a aceptación do presente regulamento implica que o participante preste o seu consentimento á organización para que a captación da súa imaxe por diferentes medios (videofotografía...) dea a súa autorización para a posible difusión da súa imaxe en diversos medios e formatos. (prensa, web, redes sociais) e cede os dereitos comerciais e publicitarios que poidan derivarse das devanditas imaxes, renunciando en todo caso a percibir calquera indemnización polos devanditos conceptos. O tratamento que se realizará sobre os datos persoais dos participantes de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ten como finalidade a xestión administrativa da proba.